

## CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

*Corrección de erros.-Orde do 4 de marzo de 2009 pola que se aproban os plans para a explotación de poliquetos en Galicia para o ano 2009 e se regula o seu exercicio.*

Advertidos erros na Orde do 4 de marzo de 2009, publicada no DOG nº 48, do 10 de marzo de 2009, pola que se aproban os plans de explotación de poliquetos en Galicia para o ano 2009 e se regula o seu exercicio, fanse as oportunas correccións:

Cadro A: plans de explotación de poliquetos.

-Na páxina 5.085: Provincia da Coruña, 2ª fila, CP A Coruña:

Onde di: «Modalidade: a pé, MSAS», debe dicir: «Modalidade: a pé, MA, MSAS».

-Na páxina 5.085: Provincia da Coruña, 4ª fila, CP Ferrol:

Onde di: «Épocas probables de extracción: do 16 de marzo ao 30 de outubro», debe dicir: «Épocas probables de extracción: do 16 de maio ao 30 de outubro».

## CONSELLERÍA DE TRABALLO

*Corrección de erros.-Orde do 11 de marzo de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras dos programas para o fomento da estabilidade no emprego, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2009.*

Advertido erro na devandita corrección de erros, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 62, do 31 de marzo de 2009, é necesario efectuar a seguinte corrección:

Na páxina 6.518, onde di: «Na páxina 5.625, o anexo XVI debe substituírse polo seguinte:

### ANEXO XV

**Sectores de actividade en reestruturación»,**

debe dicir: «Na páxina 5.625, o anexo XVI debe substituírse polo seguinte:

### ANEXO XVI

**Sectores de actividade en reestruturación».**

## AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

*Resolución do 25 de marzo de 2009 pola que se ordena a publicación do convenio de adhesión á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística do Concello de Begonte.*

O día 25 de marzo de 2009 a axencia e o Concello de Begonte asinaron o Convenio de adhesión dese concello á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

De conformidade co establecido no artigo 9.1º dos estatutos da axencia aprobados polo Decreto 213/2007, do 31 de outubro, dispoño a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2009.

Hipólito Pérez Novo

Director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística

CONVENIO DE ADHESIÓN Á AXENCIA DE PROTECCIÓN  
DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

En Santiago de Compostela o vinte e cinco de marzo de dous mil nove.

Intervenien:

Dunha parte, José Antonio Vázquez García, alcalde do Concello de Begonte, provincia de Lugo, en representación do concello, de conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

E doutra parte, Hipólito Pérez Novo, director da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, en representación do ente público, de conformidade co disposto no artigo 18 dos estatutos aprobados polo Decreto 213/2007, do 31 de outubro.

Expoñen:

1º A Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, no seu artigo 226, establece que a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística é un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións, para o desenvolvemento en común pola Administración autonómica e os concellos que voluntariamente se integren nela das funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo e o desempeño de cantas outras competencias lle asignan os seus estatutos.

Así mesmo, establece que son membros da axencia a Administración autonómica e os concellos que voluntariamente se integren nela. A incorporación